



ANEXO B
INFORME DE RESULTADOS

ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA 2009

Nº DE PROTOCOLO: 09/80

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:

Campo de ensaio para a comparación entre pastoreo rotacional e continuo con gando equino en terreo de monte.

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA ORGANIZADORA:

(centro de investigación/CFEA/OAC...)

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: LG Consolación - Tabeirós

Concello: A Estrada

Provincia: Pontevedra

4.- RESPONSABLE: Nieves Díaz Díaz e Santiago Crecente Campo Tlf.: 981647902

5.- DATOS DO COLABORADOR:

Nome e apelidos: Sociedad Cooperativa Monte Cabalar

Tlf.: 638104441/442

Enderezo: LG Consolación - Tabeirós

Concello: A Estrada

Provincia: Pontevedra

NIF: G-36533800

6.- INTRODUCCIÓN:

A Sociedade Cooperativa Monte Cabalar, ademais de gando vacún e caprino, conta cunha grea dunhas 40 cabezas de gando equino. Este tipo de gando persegue dúas funcións, por unha banda tentar acadar un rendemento económico coa venda de poldros, algo complicado na actualidade debido ó pouco mercado que ten esta carne no país; e por outra empregalo como elemento controlador do mato, no que se ten mostrado máis eficaz que o gando vacún.

Neste tipo de explotacións, que perseguen producións animais en terreos de monte, cómpre que a vexetación vaia evolucionando de mato (composto principalmente por toxo) a especies herbáceas de maior calidade nutritiva. Inevitablemente as especies típicas de monte tenden a rebrotar, polo que se fai preciso controlalas e así evitar a súa acumulación e espallamento.

O cabalo considérase un eficaz controlador dos toxos, que son o principal problema nestes casos.

Cando se plantexa un sistema de pastoreo pódese elixir entre dúas grandes variantes, pastoreo continuo ou pastoreo rotacional. O primeiro consiste en cercar os animais nunha superficie na que permanecen continuamente, supoñendo que a produción é suficiente para alimentalos sen necesidade de ir a outras parcelas. O pastoreo rotacional consiste en dividir unha superficie en subparcelas máis pequenas nas que o gando pasta con cargas instantáneas máis elevadas que no pastoreo continuo.

Preténdese co estudo comparar o nivel de control do mato nos dous sistemas, avaliar os custes de manexo, problemas que presenten e a viabilidade dos mesmos tendo en conta a baixa rendibilidade que presenta actualmente a produción de gando equino para carne.

7.- MATERIAL E MÉTODOS:

Para poder levar a cabo esta experiencia cercáronse dúas parcelas con vexetación típica de monte, composta principalmente por toxo. Nunha delas fixéronse peches interiores, para poder levar a cabo o pastoreo rotacional, mentres que na outra soamente se cercou o perímetro.

Cada unha das parcelas ten arredor de 20 ha, que no caso do pastoreo rotacional se divide en 5 parcelas de 4 ha.

Antes de introducir os animais levouse a cabo un desbrozado mecanizado das parcelas, para eliminar o mato excesivamente lignificado do que o gando non é capaz de alimentarse.

Unha vez desbrozadas, cando comeza o rebrote, introdúcense os animais, cunha carga xeral de 0,5 eguas/ha, o que no pastoreo rotacional equivale a unha carga instantánea de 2,5 eguas/ha.

Hai que ter en conta que cando se fala de 1 egua inclúense os poldros que paren na primaveira, polo que en cada tipo de pastoreo haberá 10 eguas cos seus respectivos poldros.

O tempo de ocupación no pastoreo rotacional será variable en función da produción ó longo do ano, pero en xeral tenderase a mover os animais cando a oferta de pasto sexa limitante para a súa alimentación.

Para determinar a acumulación de biomasa que se produciría se os animais non estivesen no pasto colócanse xaulas de exclusión.

8.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

A data de hoxe pódese comprobar como o gando equino é capaz de alimentarse do rebrote do mato, principalmente do toxo, o que permite pensar nesta especie como un controlador eficaz da acumulación de biomasa no monte. Ademais das vantaxes que isto implica como estratexia na prevención dos incendios forestais, tamén permite transformar recursos naturais, que doutro xeito non se aproveitarían, en produtos animais valorizables.

No tocante ó custe económico, claramente se produce unha desvantaxe ó usar o pastoreo rotacional, non soamente polos custes extra dos cercados interiores, senón tamén polos maiores custes de manexo que implica.

En canto ó control do mato, o pastoreo continuo permite unha maior selectividade, polo que o gando se alimentará das especies máis palatables, deixando aquelas que menos lle gusten, polo que o control seguramente será mellor no pastoreo rotacional. Asemade, o feito de evitar rexeites contribúe a mellorar a condición florística do pasto.

No tocante á acumulación de biomasa, determinarase a finais de ano, comparando as zonas pastadas co interior das xaulas de exclusión.

9.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Nesta acción de transferencia propónse a comparación entre dous tipos de pastoreo, continuo e rotacional, en terreo de monte.

No tocante ó custe dos dous sistemas, o pastoreo rotacional rebélase coma o máis caro, debido ós maiores custos de manexo que supón e ás instalacións a maiores que demanda respecto do pastoreo continuo.

Pola contra, debido a que neste tipo de pastoreo o gando é menos selectivo, o control do rebrote do mato semella máis axeitado que no pastoreo continuo.

Debido a que o gando equino é capaz de controlar o toxo dunha forma efectiva, estes sistemas convírtense nunha clara alternativa na loita contra os incendios, actuando de forma preventiva. A maiores diso permite valorizar eses recursos coa venda de poldros, o que contribúe a aumentar a rendibilidade do monte.

10.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En Mabegondo a 14 de xaneiro de 2010



Asdo. Nieves Díaz Díaz



Asdo. Santiago Crecente Campo